

ROSALÍA DE CASTRO

ESCOLMA POÉTICA

Textos de ROSALÍA DE CASTRO

Imaxes de BELÉN PADRÓN

Selección poética de MANUELA RODRÍGUEZ

Encadernado en cartón. 15 x 23,5 cm. 64 páx. 16 €.

ISBN 978-84-96957-29-9. Faktoria K de Libros. Trece Lúas.

A lúa, ese ser cambiante

que muda a súa cara de espello circular.


Señora das mareas, astro de fecundidade.

Ritmos lunares para dar medida ao tempo,

ao tempo poético.

Fráxil e profunda, Rosalía de Castro transitou pola vida con palabras de revelación e misterio, de xeito adverso. Nun país sen voz propia, foi a primeira en atopar o nome non escrito das nosas cousas. Os libros “Cantares gallegos” e “Follas novas”, aos que pertencen os versos desta escolma, son textos reivindicativos que enxalzan a terra, a muller galega, os nenos, os vellos, os desposuídos... A poeta muller nunha Galicia analfabeta no seu idioma, a muller orfa de nenez, de saúde precaria e agoniada polas penas, que asumiu a defensa e canto do país, é un mito das letras e da galegitude, en calquera recuncho do mundo.

Belén Padrón dálle forma e cor a cada poema, plasmando nas súas ilustracións a súa visión do imaxinario *rosaliano*. Imaxes de contido onírico e simbólico sobre o desamor, a morriña, a beleza da paisaxe, a vida da paisanaxe, as inxustizas sociais, a saudade, o desacougo interior... Un libro que se pode expoñer na casa aberto nunha mesa, nun atril... para que ao pasar as páxinas, os seus versos e estampas nos enchan coa súa presenza.



■ **Temática:** trece poemas de Rosalía de Castro.

■ **Aspectos destacables:** ilustracións inspiradas na lectura dos poemas; anexo coa versión orixinal dos textos; colaboración da Fundación Rosalía de Castro.

■ **Índice poético:** Nasín cando as prantas nasen - Maio Longo - Adiós ríos, adiós fontes - Mais ve que o meu corazón - Pra a Habana - Soia - Cando penso que te fuches - Campanas de Bastavales - Que pasa ao redor de min - Unha vez tiver un cravo - Tecín soia a miña tea - Tal como as nubes - Cando era tempo de inverno.

Rosalía de Castro

(Santiago, 1837 - Padrón, 1885)

Formouse na Sociedade Económica de Amigos do País e frecuentou o Liceo da Xuventude, onde estivo en contacto cos intelectuais da época. Casou co galeguista Manuel Murguía en 1858 e comezou a escribir os seus primeiros poemarios. A publicación de “Cantares gallegos” en 1863 marcou o inicio do primeiro Rexurdimento galego que crebrou co fracaso da Revolución do 68 e a Restauración. O seu derradeiro poemario galego, “Follas novas”, publicouse na Habana e Madrid en 1880. O seu legado contén unha importante obra en español, poética e narrativa. Os seus restos repousan no Panteón de Galegos Ilustres. No centenario da publicación de “Cantares gallegos” a Real Academia Galega consagrou o 17 de maio á celebración do Día das Letras Galegas.

<http://rosalia.gal>

Belén Padrón

(Oviedo, 1976)

Licenciada en Belas Artes pola Universidade de Vigo (Premio Extraordinario de Fin de Carreira). Compaxina a faceta artística coa docencia, participa en exposicións e a súa obra está en varias coleccións públicas e privadas. Ilustrou varios libros para editoriais como KALANDRAKA: “A vendedora de mistos”, “Xil Moniz”. Distinguida nos certames Fundación María José Jove 2007, 1º Premio Eixo Atlántico 2000, e nas bolsas Novos Valores, Talens e Balneario de Mondariz.

<http://belenpadron.com>